

EIXE 2 | A Recuperación como meta

INTERVENCIÓN COMUNITARIA NO TDAH

Entidade executante

Fundación Ingada (<https://www.fundacioningada.net/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nos concellos da Coruña, Ferrol, Narón, Vigo e Ourense.

Persoas destinatarias

Menores de 0 a 18 anos con diagnóstico de TDAH ou trastornos asociados, así como ás súas persoas coidadoras.

O número de beneficiarios directos deste programa, en toda Galicia, será de aproximadamente 300 persoas, que se distribuirán da seguinte forma: Provincia da Coruña :220 ,Provincia de Pontevedra: 50 , Provincia de Ourense: 30

Obxectivos

Xeral: é a mellora da calidade de vida tanto das persoas afectadas polo trastorno como a dos seus familiares.

Específicos:

- Dar asistencia integral ás persoas con TDAH e TA.
- Prestar asesoramento clínico, social, educativo e laboral a este colectivo.
- Prestar apoio emocional ás persoas con TDAH e aos seus coidadores.
- Previr e solventar dificultades emocionais frecuentemente asociadas ao TDAH Promover a integración social e laboral das persoas con TDAH. -
- Difundir e divulgar información útil e veraz sobre ditos trastornos.
- Fomentar relacións sociais e actividades de ocio saudables.
- Promocionar a saúde mental e o estilo de vida saudable nestes colectivos. Mellorar a atención á cronicidade adaptando os diferentes servizos as súas necesidades.
- Sensibilizar á comunidade sobre o TDAH co fin de reducir a súa estigmatización.
- Ofrecer ferramentas aos convivintes con persoas con TDAH sobre como actuar ante dificultades comúns.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

Grupos de axuda mutua (GAM): Trátase de reunións periódicas de formación ás familias e ás persoas con TDAH e/ou trastornos asociados

Obradoiros: Ao longo do ano levaranse a cabo diferentes obradoiros destinados ás persoas afectadas con TDAH. Algúns deses obradoiros son: técnicas de control de impulsos, técnicas de estudos, educación emocional, mindfulness, prevención de hábitos aditivos, entre outros. Cada un destes obradoiros vai dirixido a un grupo específico de idade

Actividades destinadas á prevención e promoción da saúde mental :

Actividades lúdico-deportivas

Actividades de mindfulness e ioga

Actividades destinadas ao coidado dos coidadores

Outras actividades:

Xornadas Xurídicas: No ano 2021 a Fundación INGADA organizará as II Xornadas Xurídicas. Esta nova edición segue tendo como obxectivo fundamental que os profesionais coñezan o TDAH e as súas implicacións.

Elaboración de guías destinadas a centros de menores e a profesionais do ocio.

Ao longo do 2020 atendéronse 1.482 persoas entre todas as actividades